



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL**  
**02.02.2022**

**LUGAR:** Sala I do edificio Miralles – Campus de Vigo

**DATA:** 02.02.2022

**HORA DE COMEZO:** 12:30

**HORA DE REMATE:** 13:30

**LISTA DE ASISTENTES**

Atanes Limia, Xosé Manuel  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Castro Mouzo, Mercedes  
Cebro Rodríguez, Xoán  
Cendón Alonso, María Teresa  
Crespo Tobío, Silvia  
Fernández Zunzunegui, Emilio  
Franco García, José María  
García Míguez, María de los Ángeles  
Graña Nogueiras, Jesús  
Larriba Leira, María Elvira  
Macho Senra, Antonio  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Novoa Rodríguez, María Sol  
Ojea Bouzo, Armando  
Pedrosa Silva, Ernesto  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Sánchez Gándara, Rosa María  
Souto García, Raquel María  
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

**ESCUSARON ASISTENCIA**

Añel Cabanelas, María Elena  
Blanco Gómez, César  
Blanco Rial, María Gloria  
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo  
López Fernández, Yolanda  
Martíño Gómez, Antonio  
Ortiz Álvarez, Ana María  
Ramos Vázquez, Antonio  
Santamaría Conde, Juan José

**NON ASISTIRON**

Pérez Puga, Gerardo Ramón

**SECRETARIO**

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O mércores, 2 de febreiro de 2022, ás 12:30 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (28.12.2021).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Memoria para a solicitude de verificación para a implantación do título de Máster en Enxeñaría Aeronáutica. Informe que proceda. (Consello de Goberno 13.01.2022).
5. Aprobación, se procede, da distribución das axudas amparadas pola convocatoria de Prácticums do Consello Social, correspondentes a 2022.
6. Acordo que proceda sobre a petición da Escola Internacional de Doutoramento e a Área de Calidade para a realización dun estudo/informe sobre a inserción laboral e a satisfacción das persoas tituladas en doutoramento dende a creación da UVigo ata a promoción 2019/2020.
7. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para desenvolver o proxecto "Cóntancho ás Matemáticas", dirixido a escolares e docentes da última etapa de Educación Primaria para incrementar a vocación científica, en particular entre as nenas.
8. Asignación de retribucións ao profesorado como complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, correspondente á convocatoria de 2020.
9. Convenios asinados pola UVigo en decembro de 2021.
10. Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece a asistencia e subliña que o Pleno foi convocado coa maior celeridade posible para dispoñer do informe preceptivo do Consello Social que debe acompañar á memoria do Mestrado de Enxeñaría aeronáutica, remitida pola UVigo á Xunta de Galicia. Para informar sobre este punto asiste como invitado o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (28.12.2021).*

- ***Apróbanse por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Reflexiona Ernesto Pedrosa sobre os desafíos e retos que afrontan as universidades e mesmo sobre os riscos que as ameazan. Tras citar a dixitalización, a inserción laboral, a transferencia de coñecemento ás empresas ou a internacionalización, afirma que tampouco poden ser alleas ás urxencias da sociedade como o cambio climático ou a igualdade, e apunta que o novo escenario engade contextos de obrigada inmersión para as universidades, como recolle o último informe da *Fundación Conocimiento y Desarrollo (CYD)* e que fixa dous puntos prioritarios de atención:

- Dunha parte, contribuír a acadar unha Área europea de Educación onde se promovan alianzas, en definitiva un gran Campus europeo interuniversitario no que estudantes, profesores e investigadores traten xuntos os grandes problemas de Europa e cooperen no deseño de programas conxuntos a tal fin. Considera Pedrosa que este é un reto prioritario porque a política universitaria é unha das máis exitosas para crear un sentimento pro-europeo.



- Doutra parte están os fondos Next Generation, con apartados específicos para formar e capacitar ao persoal docente e investigador e a mellorar infraestruturas dixitais, equipamento, tecnoloxías, docencia e avaliación. Tamén neste eido contémlanse consorcios entre universidades, centros de investigación e administracións, que proxecten a transferencia nas mellores condicións posibles.

Referíndose ao mesmo informe CYD pon como exemplo que no pasado curso impartíronse 8.885 titulacións en España, e que todas pasaron un proceso de verificación e outro de acreditación, o que dá unha idea da necesidade de avanzar na simplificación burocrática e administrativa do sistema e da xestión.

Resume que se trata, por tanto, de que as universidades teñan un marco regulatorio europeo para compartir e autonomía para optar. E xa logo, que acerten nas súas decisións.

Respecto da orde do día da sesión, destaca o presidente que se recolle a demanda que quizais responda ao maior clamor que teña hoxe a UVigo: a memoria do Máster de Enxeñaría aeronáutica en exclusiva para o Campus de Ourense. Lamenta que non vaia na liña de cooperación con outras universidades "tal e como aconsellan os tempos. Pero intentouse", tendo a sensación de que foron dous anos perdidos aos que a UVigo pon fin con esta proposta propia. Confía en que sexa aprobada pola Xunta e verificada pola ACSUG en tempo para que o título poida ser incluído na vindeira oferta académica. Agradece o traballo de quen elaborou a memoria e o de quen tivo que negociar coa UDC, así como aos cidadáns e colectivos que "se organizaron para que non esquecésemos que este era un paso pendente de dar". Así mesmo agradece ao vicerreitor Manuel Ramos a súa labor.

Informa de seguido da designación de Juan José Santamaría Conde como académico correspondente da Real Academia de Farmacia de Galicia –"reciba a nosa felicitación".

Finalmente, dá conta do proceso electoral aberto para renovar a presidencia e o comité executivo da Conferencia de Consellos Sociais, e á vista do resumo de asistencias aos plenos convocados durante 2021 polo Consello Social da Universidade de Vigo, agradece a disposición dos membros, a súa presenza, pero tamén a intención de facelo en casos nos que non foi finalmente posible. "O nivel de cumprimento é alto e ancho", e avoga por recuperar os plenos itinerantes con tódalas garantías.

Remata anunciando que na próxima sesión darase conta do cambio de sistema de envío da documentación dos plenos, vistas as dificultades de acceso advertidas por algúns conselleiros, e informarase da posta en marcha na web do Consello Social dunha zona privada na que ademais de poder acceder á documentación, tamén se implementará un repositorio de toda a documentación actual e histórica dende 2018.

### **PUNTO 3**

#### *Informe do reitor.*

Principia Manuel Reigosa cunha chamada de atención sobre o paso que se está a dar co Mestrado en Enxeñaría aeronáutica e pide ao Pleno que se pronuncie dando a súa aprobación por unanimidade. A este respecto fai un breve percorrido polos avatares da negociación coa UDC. Declara que a UVigo "tivo toda a paciencia" para que o Mestrado fose interuniversitario e que "é unha mágoa non telo conseguido", malia que non pecha a porta a volver a falar se se desen as circunstancias.

Durante a súa exposición refire, entre outros asuntos, a preocupación polo impacto negativo que terá a reforma laboral na investigación ao eliminar o contrato por obra e servizo, feito que a seu xuízo "dificultará" os procedementos seguidos ata o de agora, e para o que se están buscando solucións no conxunto das universidades. Posteriormente informa do apoio a alumnado de Belas Artes, acordos con Medio Ambiente para estudar o cambio climático, premios, recoñecementos a persoal da UVigo, traballos publicados, aportacións da Escola Aberta de Formación Permanente, estado do proceso de acreditación do Campus da Auga, agradecemento ás empresas que participan na iniciativa do INCUVI -*Colmea de ideas*- expoñendo as súas necesidades concretas para que poidan converterse en traballos para o estudantado, avances en Igualdade dos que se sente orgulloso (apelando a que debe ser prioritario "e no que cada vez hai máis por facer")....

Conclúe o informe dando conta da convocatoria de eleccións a reitor, fixadas para o 4 de maio, e a xeito de despedida manifesta que "foi un pracer estar aquí con vós".



#### **PUNTO 4**

*Memoria para a solicitude de verificación para a implantación do título de Máster en Enxeñaría Aeronáutica. Informe que proceda. (Consello de Goberno 13.01.2022).*

O presidente introduce este punto e comunica que varios membros, entre eles Elena Añel, que o fixo por escrito por non poder asistir ao Pleno, amosaron expresamente a satisfacción polo paso dado respecto do Máster. A continuación cede a palabra ao vicerreitor Manuel Ramos, quen agradece a oportunidade de estar na sesión e sinala que se cumpre unha arela do Consello Social, sen esquecer que o proceso vivido tivo o seu sentido en cada momento e así débese entender. Lembra o inicio e desenvolvemento do proceso nos diferentes escenarios, ata o momento no que se expuxo un acordo interuniversitario. Defende o valor dos mestrados interuniversitarios pero confesa que neste caso non foi posible pese a que a Escola de Ourense fixo todo o posible por acadalo. Revela que o reitor da UDC informou recentemente e de xeito unilateral de que o acordo quedaba sen validez, polo que en novembro púxose en marcha o proceso para presentar un título en solitario. Apunta que a Escola de Enxeñaría Aeroespacial de Ourense fixo "ben e rápido" o traballo da memoria, para poder tramitar o título coa maior celeridade e que chegue a tempo para implantalo no curso 2022/2023.

Manuel Ramos recoñece que "empeza un camiño que será longo e complexo", e destaca a lealdade institucional da Escola de Enxeñaría Aeroespacial durante este tempo, por resistir as presións e por facer unha memoria sólida para que o Mestrado se imparta con todas as garantías. O vicerreitor participa tamén que a primeira infraestrutura que pedirá a UVigo será a construción dun edificio para a Escola de Enxeñaría Espacial, pretensión que xa conta coa receptividade da Xunta de Galicia.

Á pregunta de Xosé Manuel Atanes sobre as posibles razóns da UDC para ter este comportamento, o reitor apunta varias conxecturas, vencelladas a problemas internos ou falta de comunicación dentro da institución coruñesa coa Escola de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, deixando claro que a UDC non respectou o acordo, polo que a UVigo volveu ao punto de partida, e que a Consellería coñece perfectamente a secuencia dos feitos e o respecto da UVigo en todo o proceso. Declárase esperanzado e amosa disposición a seguir colaborando mesmo sexa coa UDC ou con calquera institución. Neste senso cualifica o ocorrido de excepcional porque hai conversas abertas coa UDC sobre outros títulos e están transcorrendo "con avances e sen problemas".

- ***Apróbase por unanimidade.***

#### **PUNTO 5**

*Aprobación, se procede, da distribución das axudas amparadas pola convocatoria de Prácticums do Consello Social, correspondentes a 2022.*

Por indicación do presidente, informa o secretario sobre os criterios cos que se ponderan as solicitudes presentadas, incidindo en que se rexistrou o maior número de peticións de todas as convocatorias feitas ata a presente edición polo que as axudas concedidas en cada caso amosan unha tendencia xeral á baixa. Neste senso, Ignacio Rodríguez apunta á posible conveniencia de reconsiderar a contía total da convocatoria para próximos exercicios.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

#### **PUNTO 6**

*Acordo que proceda sobre a petición da Escola Internacional de Doutoramento e a Área de Calidade para a realización dun estudo/informe sobre a inserción laboral e a satisfacción das persoas tituladas en doutoramento dende a creación da UVigo ata a promoción 2019/2020.*

Na introdución deste punto, o presidente dá conta dun apunte que Juan José Santamaría presenta por escrito, no que di que debería tratarse de inserción profesional, "non laboral de traballadores (manuais) que xa case non existen". Así mesmo aplaude a iniciativa e fai distintas achegas para que se dea traslado ao profesor Luis Espada para a realización do estudo. Repasa Ernesto Pedrosa os principais ítems da proposta e a aportación precisa de 4.700 €.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***



### **PUNTO 7**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para desenvolver o proxecto "Cóntancho ás Matemáticas", dirixido a escolares e docentes da última etapa de Educación Primaria para incrementar a vocación científica, en particular entre as nenas.*

Da documentación que obra en poder dos membros subliña Ernesto Pedrosa a implicación de estudantado do Grao en Educación Primaria que imparten os obradoiros, as actividades de formación para docentes de Educación Primaria e a intención de fomentar as vocacións matemáticas entre o alumnado do terceiro ciclo de Educación Primaria de Galicia, en especial entre as nenas, e prestando atención a favorecer a igualdade de xénero no ámbito da investigación neste campo. Antonio Macho intervéñen para explicar que ve ben a iniciativa malia parecerlle pouco ambiciosa porque debería abarcar e estenderse a outros campos que non sexan só as Matemáticas, pronunciamento do que se toma nota.

- *O Pleno dá a súa aprobación.*

### **PUNTO 8**

*Asignación de retribucións ao profesorado como complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, correspondente á convocatoria de 2020.*

Dadas as oportunas explicacións de contexto e do marco no que se desenvolven estas axudas e a competencia do Consello Social,

- *O Pleno acorda a asignación.*

### **PUNTO 9**

*Convenios asinados pola UVigo en decembro de 2021.*

Como xa é habitual, o presidente manifesta que todos os convenios están na Secretaría do Consello Social, a disposición dos interesados na súa consulta.

- *O Pleno dáse por informado.*

### **PUNTO 10**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 2 de febreiro de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e Pr.,  
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias